



doARTE

Doazón e transplante de órganos

IES San Clemente ♥ Santiago de Compostela
CEIP de Sestelo-Baión ♥ Vilanova de Arousa

doARTE

Doazón e transplante de órganos

Plan Proxecta "San Clemente Salvavidas"

Equipos de Dinamización da Lingua Galega
IES San Clemente, Santiago de Compostela
CEIP de Sestelo-Baión, Vilanova de Arousa



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura

Con el patrocinio de
**Comisión Nacional
Española de
Cooperación**
con la UNESCO



Co patrocinio da
Oficina de
Coordinación
de Transplantes

Consellería de Sanidade
Xunta de Galicia



Título: doARTE

Subtítulo: Doazón e transplante de órganos

Serie: Exposiciós enREDadas

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega
IES San Clemente - CIF: Q6555589H
Rúa San Clemente s/n
15705 Santiago de Compostela - Galiza - España
<http://www.iessanclemente.net/plurilinguismo>

Xunto con: Equipo de Dinamización da Lingua Galega
CEIP de Sestelo-Baión
Lugar de Sestelo s/n - 36614 Vilanova de Arousa - Galiza - España
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsestelobaion>

Licenza: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0>
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza
Debes atribuír as obras aos autores
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras

Website: <https://www.iessanclemente.net/?p=5324>

Contacto: edlg@iessanclemente.net

Portada: Operación a corazón abierto, de Ciro Sánchez

Páxina 5: Doadores, de Ángeles Saura

Páxina 37: Corazonciños, de Mar Barral, Tiago Vence e Xerome Vence

Impreso en Galiza: Creade - Santiago de Compostela

Primeira edición: Maio 2015

ISBN - 13: 978-84-606-8265-3

Depósito Legal: C-827-2015

"Unha ARTE realmente ÚTIL"
doARTE únese ao Proxecto Exposicións enREDadas 2015

Creei unha rede de artistas docentes chamada E@
arteweb.ning.com, por ela circula un sangue moi especial.
Está feita de ideas e ilusión. EnREDados aprendemos e
crecemos xuntos, dándonos vida uns aos outros, sen
necesidade de vernos as caras persoalmente.



Como sabes, na rede non existe a morte, imos deixando unha pegada,
imposible de eliminar. Cando deixemos de escribir, seguiremos vivos...
mentres alguén continúa a falar de nós.

Vivimos enREDados e desdobrados. Vivimos como mínimo dúas vidas,
unha real e outra virtual. Hoxe escríboche desde a primeira, a real,
onde viven o amor e os beixos, os meus pais e os meus fillos.

Mais a vida virtual tamén me gusta. Teño alí mil amigos e amigas cos
que a miúdo intercambio abrazos debuxados con bits. Desde elha
coñecín a convocatoria "doARTE, doazón e transplante de órganos".
Mentres facía as miñas fotografías para poder participar... tomei
consciencia de algo moi importante: existe unha terceira vía de
existencia real e enredada. Consiste na doazón de órganos.

Creamos que a ARTE é realmente ÚTIL. Esta exposición demóstrao
porque... apuntámonos ao enREDo corporal! Comezamos a pensar en
ti... por se precisares de nós!

Ángeles Saura - Directora do Proxecto Exposicións enREDadas

Arte en galego e adestramento da creatividade

Coa participación neste proxecto conseguimos demostrar
ao alumnado que por medio da arte podemos chegar moi
fondo, neste caso tratando un tema tan sensible como o
da doazón de órganos.



E ademais, que coa lingua galega podemos chegar moi lonxe, pois a nosa obra viaxa por todo o mundo a través de internet.

Tarde ou cedo, este alumnado vaise incorporar ao mercado de traballo onde lles van esixir ser creativos, orixinais e innovadores na procura de emprego, no deseño de produtos, etc. Mais antes é preciso que os e as docentes fomentemos a creatividade nas aulas, mesmo na FP.

No noso IES, despois de traballar a sensibilización sobre a doazón e transplante de órganos nunha palestra da OCT e en varias materias e módulos, adicámonos á creación audiovisual, deixando a parte plástica para o alumnado de Vilanova, que fixo uns traballos excelentes.



Marcos Vence - Coordinador do EDLG e do proxecto "San Clemente Salvavidas": www.iescanclemente.net/?p=5262

Proceso de traballo en Primaria

No CEIP de Sestelo-Baión participou neste proxecto artístico o alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria xunto cos seus tutores Alicia Cores, David Paz e eu coma mestra de Ed. Artística.



Houbo un traballo previo de aula onde se explicou en que consiste a doazón e transplante de órganos e a importancia que ten. A continuación, nas sesións de plástica, decidiron se querían traballar individualmente ou en grupo, a idea ou concepto que querían plasmar, escolleron os materiais, etc.

Queriamos potenciar as habilidades de escucha e reflexión, o respecto pola opinión do outro, xustificar as razóns de cada un, etc. Valoramos o proceso e fixemos unha observación conxunta do resultado, admitindo suxerencias e contentos de participar neste proxecto.

Esperanza Doval - Mestra de Ed. Artística no CEIP de Sestelo-Baión

Profesores e Profesoras **Artistas**



Con corazón

Montserrat Ansótegui, La Rioja, España.

Doazón, Unión, Vida, Creatividade, Conxunto, Arte, Reflexión, Vontade, Acción, Plástica, Enredado, Proceso, Intercambio, Exposición, Contexto, Transplante, Compartir, Seducción, Doante, Transformación, Intimidade, Contorno, Formación, Órgano, Coordinación, Familia, Artista, Busca, Paciente, Creación, Participación, Implicación, Expresión, Comunicación, Contribución.




Con Corazón. Expo DoARTE, Santiago de Compostela, España © Montserrat Ansótegui, 2015, España



Es perfecto para outros

Ana Hernández, Madrid, España.

Esta imaxe pretende realizar un paralelismo entre a obra de Leonardo da Vinci, titulada "O Home de Vitrubio", na que se mostra a idea de simetría e perfección do corpo humano e a frase "Es perfecto para outros", utilizada na tarxeta de doador de órganos. A perfección física do corpo propio e a perfección solidaria para doar a corpo alleo.



Es perfecto para outros

Ana Hernández Revuelta

Doar

Luz Beloso, Galiza, España.


Ser doador de órganos é o maior acto de amor á vida. Como dicía Frida Kahlo: Viva a Vida!



Complexidade

María Sougiadáki, Creta, Grecia.

O debuxo representa a complexidade do corpo humano e da vida. A zona vermella marca a diferenza, como un transplante pode marcar a diferenza na vida dunha persoa doente.




maria S

Mandala

María Sougiadáki, Creta, Grecia.

A mandala é o resultado da exploración no proceso de deseño de mandalas e un xogo coa palabra "donation". Poderás apreciar que en cada un dos catro radios básicos está a palabra "donation", coa letra D no centro do círculo. Esta mandala mostra a beleza do acto da doazón de órganos: negro para os problemas de saúde, verde para a esperanza e vermello para a vida. Finalizada no día da Pascua, como símbolo de renacemento.




mariaS

Corazon degradado

Aidé Partida, Nayarit, México.

O corazón degrádase, desgástase, consómese. Este feito é un proceso degenerativo debido á idade ou ben por enfermidades cardiovasculares, mais tamén é metafórico: os sentimentos pouco a pouco desgástanse e en ocasións síntese a necesidade dun transplante.



© Aidé Partida Tepic, México.

"Corazón degradado" 2012

Pensando en doarte

Ángeles Saura, Madrid, España.

Doarei o meu corpo para que cando morra, volte á natureza deixando de ser sombra.



© Ángeles Saura, 2015

Pezas que encaixan

Àngels Fos, Valencia, España.

A doazón de órganos non é un xogo, mais é igual de sinxelo. Faite doador.

A DOAZÓN DE ÓRGANOS NON É UN XOGO,
MAIS É IGUAL DE SINXELO

FAITE DOADOR



O corpo

Carlos Álvarez, León, España.

As costas da modelo reflictan a xenerosidade de miles de persoas que doan os seus órganos e logran desta forma sobrevivir á súa propia morte, ou vivir simultaneamente noutro corpo vivindo dalgúnha forma outras vidas; vivindo noutros, doan a vida que dalgúnha maneira viven. O corpo como máquina.



Carlos Álvarez
Cuenllas
España 2015

Todo o meu corazón nun pedaciño de plástico

Marcos Vence, Galiza, España.

Para que o milagre do transplante sexa posible, é preciso anunciar a vontade de doar, por exemplo, metendo todo o teu corazón nun pedaciño de plástico.

a vida, o mellor agasallo
grazas por doar

Oficina de Coordinación de Trasplantes de Galicia

Telf. 881 542 862

Galician: ADROVI / AGEDO / ABINOS / ALCEL / ATHEGA / ADOV / TRAS-RIL

Partes do corpo

Ciro Sánchez, Galiza, España.



Corazón sanguento tirado nunha poza

Gilberto López, Nayarit, México..




Cecile

Construíndo ilusións

Dora Román, Madrid, España.

O carné significa que unha persoa é doadora, que dá unha parte de si aos demais, e con iso contribúe a construír ilusións. Ilusións por curar, por emprender unha nova situación que conduza a mellorar a saúde.



Construyendo ilusiones

Doarte, un acto de amor

Cristina Moreno, Madrid, España.

Doarte é un acto de amor. Ter o don de darte de novo á vida, doarte, para seguir vivindo. Facer feliz ao ser que te acolle con tanto AMOR no seu corpo e a tantas persoas...

Cristina Moreno Pabón Madrid - España 2015

"DOARTE, un acto de AMOR"



Corazóns do arte agasallo de vida

Mar Barral, Galiza, España.

Instalación cerámica formada por un conxunto de pezas saídas do corazón.


É un xogo no que pode participar calquera. A ti pódete tocar estar nunha parte ou noutra pero onde imos chegar sempre é ao mesmo destino: Á VIDA.

Podes mover as pezas ao teu antollo e verás que dun xeito ou doutro a vida sempre estará presente.

*Cando os meus ollos se pechen,
Non choredes por min,
Pois aquí seguirá a miña presenza.*



Amar Barral
2015



Alumnas e Alumnos Artistas

Corazón solidario

Diego Poza, Sara Novás, Brais Torre, Lía Pérez.

Esta escultura é unha man suxeitando un corazón, como se unha persoa doase o seu corazón cando morre.



CORAZÓN SOLIDARIO

Un corazón, unha vida!

Uxía Couso, Pedro Almeida, Beatriz Rodríguez, Ana González.




Un corazón
una vida

O traslado

Sonia Santamaría.

Esta escultura simboliza que cando alguén perde un órgano nun accidente ou infección, trasládano ao hospital para que llo implanten.




Sen corazón non son feliz

Andrea Rial.

O corazón salva vidas

Ángel Vila.



O neno cego

Xerome Vence, Elisa Tourís, Ainhoa Gómez.

Pobre cego

Sandro Iglesias, Pablo Rial, Alejandro Márquez.



O corazón do amor

Alexandre Sánchez.



O CORAZÓN
DO AMOR

2015

Alexandre Sánchez Casero

ESPAÑA

A nena sen órganos

Sabela Torre, Martina Jueguen, Olalla Otero.



A maxia da doazón

Yoel Varela, Alexis Buezas.

Doa órganos, salvarás vidas.

DONA ÓRGANOS SANARÁS



VIDAS

Podes doar... podes salvar vidas

Lúa Cubiella.





Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Con el patrocinio de
**Comisión Nacional
Española de
Cooperación**
con la UNESCO

Co patrocinio da
Oficina de
Coordinación
de Transplantes

Consellaría de Sanidade
Xunta de Galicia

